

Recurso nº 92/2018**Resolución nº 85/2018****RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN
PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

En Santiago de Compostela, a 1 de outubro de 2018.

VISTO o recurso especial en materia de contratación interposto por E. V. C. actuando en nome e representación da entidade VÍCTOR AMOR Y OTRO, S.C. contra acordos adoptados pola mesa de contratación en sesión de data 30.08.2018, no procedemento de contratación dos servizos de conservación, mantemento e mellora das instalacións eléctricas dos portos pertencentes a Portos de Galicia, expediente 4/2018/CNTSE, o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGal, en adelante) en sesión celebrada no día da data, adoptou, por unanimidade, a seguinte Resolución:

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- Pola entidade PORTOS DE GALICIA convocouse a licitación do contrato dos servizos de conservación, mantemento e mellora das instalacións eléctricas dos portos cun valor estimado declarado de 1.322.696,00 euros.

Tal licitación foi obxecto de publicación no DOUE do 03.03.2018, DOGA do 06.03.2018 e BOE do 08.03.2018 e na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia o 28.02.2018.

Segundo.- O expediente da licitación recolle que a mesma estivo sometida texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro (TRLCSP, en adelante).



Terceiro.- O recorrente impugna os acordos expresados pola mesa de contratación na sesión de data 30.08.2018, no referente a determinados criterios de valoración das ofertas presentadas á licitación. Os seus pedimentos deben circunscribirse ao lote 2 da licitación. A citada acta da mesa publicouse na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia o día 12.09.2018.

Cuarto.- VICTOR AMOR Y OTRO, S.C. interpuxo recurso especial en materia de contratación a través sede electrónica da Xunta de Galicia, o 20.09.2018.

Quinto.- Con data 20.09.2018 reclamouse á entidade pública Portos de Galicia o expediente e o informe ao que se refire o artigo 56.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (en adelante, LCSP). A documentación foi recibida neste Tribunal o día 25.09.2018.

Sexto.- Examinado o expediente administrativo, o TACGal considerou que xa non procedía abrir o trámite de traslado do recurso para alegacións a outros licitadores, ao abeiro do artigo 55 LCSP.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Ao abeiro do artigo 35 bis. 5 da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, corresponde a este Tribunal a competencia para resolver este recurso.

Segundo.- En virtude do disposto na Disposición Transitoria Primeira.4 LCSP o presente recurso tramitouse conforme os artigos 44 a 60 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e, no que fose de aplicación, polo Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual, aprobado polo Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro.

Terceiro.- O recorrente posúe a lexitimación que exige o artigo 48 LCSP para a interposición do recurso especial porque participou como licitador para o lote 2.

Cuarto.- Vistas as datas descritas o recurso interpúxose dentro do prazo de quince días hábiles.

Quinto.- En canto á impugnabilidade do acto recorrido, procede analizar se o recurso se interpuxo contra algún dos actos que, de conformidade co establecido no artigo 44.2 LCSP, son susceptibles deste recurso especial.

O recorrente impugna os acordos da mesa de contratación, recollidos na acta da sesión celebrada o 30.08.2018.

Resulta significativo que a acta impugnada se rotule como *“Acta da xuntanza da mesa de contratación da entidade pública Portos de Galicia relativa á análise e estudo de diversos aspectos advertidos nas ofertas económicas presentadas en relación ao procedemento”*.

O acta recolle, textualmente que:

“Tomadas en consideración e avaliadas cada unha desas incidencias pola Mesa, e co fin de poder valorar as ofertas admitidas en cada lote, esta acorda, por unanimidade dos seus membros, realizar tal valoración conforme aos seguintes criterios de interpretación:...”

Neste momento procedimental é cando a recorrente interpón este recurso especial, impugnando os acordos polos que se adoptan determinados criterios de valoración das ofertas presentadas á licitación, acordos adoptados nesa sesión mencionada da mesa de contratación. Para o recorrente isto determina a admisión de varios licitadores que, a xuízo deste, deberían ser excluídos.

Cómpre analizar se a actuación impugnada, os criterios de interpretación a aplicar pola mesa para a valoración de ofertas, é un acto susceptible de impugnación independente a través do recurso especial en materia de contratación.

É criterio establecido en reiteradas resolución de Tribunais análogos a inadmisibilidade en casos parellos. Por todas, Resolución 100/2018 do Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais de Andalucía (con cita ás Resolucións 5/2012, de 16 de xaneiro, 67/2012, de 19 de xuño e 90/2014, de 21 de abril):

“A estos efectos hay que señalar que en un procedimiento de licitación hay una resolución final -la adjudicación- que pone fin al mismo, y para llegar a esta, se han de seguir una serie de fases con actuaciones en las que intervienen órganos diferentes. Estos actos previos a la adjudicación son los que la Ley denomina “actos de trámite” que por sí mismos son actos instrumentales de la resolución final, lo que



no implica en todo caso que no sean impugnables. Lo que la LCSP establece es que no son impugnables separadamente, salvo que la misma los considere de una importancia especial -en términos legales, que decidan directa o indirectamente sobre la adjudicación, determinen la imposibilidad de continuar el procedimiento o produzcan indefensión o perjuicio irreparable a derechos o intereses legítimos- y ello, por un principio de concentración procedimental. Así, habrá que esperar a la resolución del procedimiento de adjudicación para plantear todas las discrepancias del recurrente sobre el procedimiento tramitado y sobre la legalidad de todos y cada uno de los actos de trámite.”

No mesmo sentido, este TACGal, resolveu inadmitir o recurso especial na súa Resolución 8/2018.

En concreto, o artigo 44.2.b LCSP dispón que poderán ser obxecto do recurso especial:

“Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. En todo caso considerárase que concorren as circunstancias anteriores nos actos da mesa ou do órgano de contratación polos que se acorde a admisión ou inadmisión de candidatos ou licitadores, ou a inadmisión ou exclusión de ofertas, incluídas as ofertas que sexan excluídas por resultar anormalmente baixas como consecuencia da aplicación do artigo 149”.

Polo tanto, dado que os actos de trámite ditados na tramitación do procedemento de licitación só poderán ser impugnados de maneira autónoma e independente cando concorran os requisitos previstos no artigo 44.2.b LCSP, debemos concluír que a adopción, pola mesa de contratación, de criterios de interpretación a aplicar para a valoración das ofertas non é un acto susceptible de recurso especial independente conforme a dito precepto, sen prexuízo de que alegacións como as aquí vertidas poidan ser alegadas, no seu caso, polos interesados ao recorrer o acto de adxudicación, como agora veremos.

Efectivamente, no suposto examinado, os criterios de interpretación a aplicar pola mesa para a valoración das ofertas, non producen, de por si, indefensión ou prexuízo irreparable aos dereitos e intereses lexítimos da recorrente, por existir unha ulterior resolución de adxudicación para impugnar en defensa dos seus dereitos e intereses lexítimos, e será precisamente con ocasión da impugnación deste acto

cando, se é do seu interese, poderá alegar defectos na valoración e, en definitiva, na determinación do licitador adxudicatario.

A estes efectos, observamos que na sesión impugnada da mesa de contratación non se adoptan decisións, en si, de excluír ou admitir a determinadas empresas. A maiores, non é necesario lembrar que é o órgano de contratación o que decide o adxudicatario, sendo a mesa só o propoñente (artigo 160.2 TRLCSP), polo que a lexitimación ad causam deste recorrente só aparecerá cando se emita esa decisión de adxudicación, sempre ligada a súa posición xurídica ao respecto desa decisión. No caso de ter tal lexitimación non se estaría impedindo o acceso a este recurso pola inadmisión que aquí se decreta, por canto este podería basear a súa impugnación en actos de trámite que considere incorrectos, de ter incidencia nesa adxudicación recorrida.

En consecuencia, con base no establecido no artigo 55.c) LCSP procede declarar a inadmisión deste recurso especial por non tratarse dun acto susceptible de recurso conforme ao artigo 44.2.b) LCSP. A estes efectos, tal artigo 55 establece:

“O órgano encargado de resolver o recurso, tras a reclamación e o exame do expediente administrativo, poderá declarar a súa inadmisión cando constar de modo inequívoco e manifesto calquera dos seguintes supostos:

c) A interposición do recurso contra actos non susceptibles de impugnación de conformidade co disposto no artigo 44.”

Unha vez declarada a inadmisión do recurso, non procede seguir examinando os demais motivos do recurso.

Por todo o anterior, vistos os preceptos legais de aplicación, este Tribunal, en sesión celebrada no día da data, **RESOLVE:**

1. **Inadmitir** o recurso interposto por VÍCTOR AMOR Y OTRO, S.C. contra acordos adoptados pola mesa de contratación en sesión de data 30.08.2018, no procedemento de contratación dos servizos de conservación, mantemento e mellora das instalacións eléctricas dos portos pertencentes a Portos de Galicia, expediente 4/2018/CNTSE.

2. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.

Esta resolución, directamente executiva no seus propios termos, é definitiva na vía administrativa e contra a mesma cabe interpoñer recurso perante a Sala do contencioso-administrativo del Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co disposto nos artigos 10.1.k) e 46.1 de la Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.